

15 JUN. 2011

REGISTRO AUXILIAR - OURENSE  
ENTRADA: 3056

SR. PRESIDENTE DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL

[REDACTED], con NIF [REDACTED], en calidad de Presidente da Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA), e con enderezo a efectos de notificación na rúa Voces Ceibes, 43, baixo, 15706- Santiago de Compostela,

EXPÓN:

Que dentro do período de exposición pública do borrador do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil 2010-2015, presenta as seguintes

**ALEGACIÓNS**


**- PRIMEIRA**

*Apartado ao que se fai referencia: Anexo XI, Participación pública.*

Segundo as directrices establecidas pola Directiva Marco da Auga e á vista do contido referido no Anexo XI e nos Apéndices de Participación Pública do borrador do Plan Hidrolóxico do Miño-Sil, cabe facer as seguintes observacións respecto do documento público presentado:

1. A Directiva Marco da Auga establece que *os novos Plans Hidrolóxicos deben ser froito de intensos procesos de participación cidadá dende o comezo, non sendo reducida esta aos procesos de consulta pública legalmente establecidos.*

Sen embargo, da análise do proceso de participación pública exposto no Plan Hidrolóxico dedúcese que o Plan non foi froito dun debate intenso por parte da cidadanía, si se atende ao número de actuacións de participación pública desenvolvidas dende o ano 2007 ata a actualidade e ao número de alegacións presentadas a documentos tan importantes coma o ETI, que só recibiu 10 alegacións. Así, asemella que a participación pública sobre o Plan Hidrolóxico



se desenvolveu principalmente no período de información e consulta pública do Borrador do Plan.

2. Respecto das accións levadas a cabo nos procesos de participación pública e dos resultados obtidos e á vista do contido referido no Anexo XI e nos apéndices correspondentes, cabe sinalar que a participación pública non se desenvolveu por igual en toda a demarcación, non se abarcou todo o territorio, botándose de menos a celebración dalgunha xornada territorial nas concas dos ríos Limia e Cabe.

3. Atendendo, en terceiro lugar, ao establecido no artigo 14.1. da Directiva Marco da Auga segundo o cal os Estados Membros deberán fomentar a participación activa de todas as partes interesadas na elaboración, revisión e actualización dos plans hidrolóxicos, a Confederación Hidrográfica do Miño – Sil deberá establecer canles de participación pública unha vez aprobado o Plan Hidrolóxico, nas fases de seguimento e avaliación do Plan. Faise preciso, polo tanto, a continuación do proceso de información e participación pública para dita etapa, definindo algunha estratexia ou mecanismo de participación que actualmente non está recollido no borrador do Plan sometido á consulta pública nin na súa parte normativa.

## **.- SEGUNDA**

### ***Apartado ao que se fai referencia: Anexo XI, Participación pública e Apéndices.***

Dentro da documentación recollida no Plan información pública, valórase como axeitada a elaboración das publicacións divulgativas sobre os aspectos máis relevantes da Directiva Marco da Auga, do ETI, ou do proxecto de Plan Hidrolóxico, máis recoméndase continuar con dito traballo tamén na fase posterior á actual, co fin de trasladar á cidadanía as novas estratexias definidas por un Plan que, indiscutiblemente, ten que contar coa participación cidadá se quere lograr os obxectivos definidos nel.

## **.- TERCEIRA**

### *Apartado ao que se fai referencia: Normativa do Plan.*

Da análise do borrador de normativa do Plan, cabería fazer unha proposta para a inclusión, no comezo deste documento, a modo de título preliminar, dun novo artigo que recolla os obxectivos xerais do Plan Hidrolóxico (coma si recollen as “normas” do plan anterior) e nas que se establezan os principios orientadores e as liñas xerais que determinarán a xestión da auga na conca nos vindeiros anos e entre as cales figuren:

1. Fomento da información, a transparencia na xestión dos recursos así como a concienciación e educación ambiental da cidadanía.
2. Mecanismos e liñas estratégicas para a recuperación de custes nos servizos da auga.
3. Garantías para a participación activa da cidadanía na xestión da auga.

## **.- CUARTA**

### *Apartado ao que se fai referencia: Normativa do Plan.*

Demándase unha maior concreción do proceso descrito no capítulo IX da normativa do Plan “de seguimento e revisión do Plan Hidrolóxico” e, neste senso, solicítase a inclusión dun novo artigo que recolla as seguintes cuestións:

1. A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil realizará un informe con periodicidade anual sobre o grao de execución e cumprimento do Plan, especialmente do cumprimento do programa de medidas e dos obxectivos medioambientais. Dito informe estará dispoñible ao público en xeral a través das vías habituais de información e consulta relacionada co Plan Hidrolóxico e, en todo caso, na páxina web do organismo.
2. As administracións ou axentes encargados de executar as actuacións previstas no Plan deberán facilitar ao Organismo de conca, anualmente, mediante os mecanismos de coordinación que se establezan, a información sobre o desenvolvemento das medidas e actuacións nomeadas no parágrafo anterior, indicándose a inversión prevista e a efectivamente executada, prazos previstos

de finalización, recuperación de custes da actuación, e indicadores de custeeficacia da medida.

## **.- QUINTA**

### *Apartado ao que se fai referencia: Normativa do Plan.*

Demándase un novo artigo no que se garanta a continuidade da participación pública durante a aplicación do novo Plan Hidrolóxico, na súa revisión e actualización. Desta forma, o organismo de conca deberá traballar convxuntamente con todos os axentes, persoas e entidades interesadas na xestión da auga, garantindo a participación das entidades ecoloxistas e ambientalistas no Consello da Auga da demarcación.

## **.- SEXTA**

### *Apartado ao que se fai referencia: Normativa do Plan.*

Vótase de menos un artigo que faga referencia aos **axentes do Plan** (que si recollía o plan anterior) e no que, en todo caso, figuren as asociacións de usuarios, o tecido social e as organizacións ambientalistas.

## **.- SÉTIMA**

### *Apartado ao que se fai referencia: Normativa do Plan.*

O artigo 80, que fai referencia á recuperación de custes dos servizos da auga, propón unha política tarifaria por tramos de consumo co fin de atender ás necesidades básicas a un prezo asequible e desincentivar consumos excesivos. Entendemos que, para alcanzar tal obxectivo, poderíanse adaptar tamén as seguintes medidas:

1. Actualización tarifaria, con carácter xeral e para todo tipo de usos, baixo criterios de recuperación de custes e fomento do aforro de auga, que eliminan as cuotas de consumo mínimo de auga e imponen unha cuota variable obligatoria e progresiva en función do consumo de auga, que sexa a máis axeitada para recuperar custes, aforrar recursos e penalizar o consumo ineficiente e non sostible.

2. Fomento de campañas de concienciación e información aos usuarios e consumidores co fin de que podan coñecer de maneira sinxela, o seu consumo de auga a través de la factura, e outras accións de información e sensibilización.
3. Promoción de espazos de participación para unha nova cultura da auga.

#### **.- OITAVA**

Solicítase a inclusión do seguinte artigo:

- As axudas que se concedan dende a administración estatal ou autonómica para a creación ou renovación de infraestruturas de abastecemento/saneamento e para calquera outra infraestrutura de mellora da eficacia das redes deberanse adxudicar exclusivamente a aquelas entidades que xustifiquen a aplicación dos principios de transparencia e recuperación de custes dos servizos de abastecemento e saneamento.

#### **.- NOVENA**

*Apartado ao que se fai referencia: Programa de Medidas.*

O Programa de Medidas debe favorecer a consecución dos obxectivos medioambientais tendo en conta os aspectos económicos, sociais e ambientais das mesmas. Neste senso, e dentro das liñas estratéxicas da DMA, consideramos preciso a ampliación do apartado de medidas de carácter administrativo con novas actuacións que teñan en conta aspectos socio-ambientais, educativos e participativos respecto da xestión da auga. Se un dos obxectivos da planificación hidrolóxica é a racionalización do consumo de auga e a conservación e protección dos ecosistemas hídricos, isto non pode facerse de costas á sociedade e sen contar coa participación activa da cidadanía, tal e como veñen recomendando as institucións europeas ou entidades coma a *Fundación Nova Cultura da Auga*.

Sen embargo, das máis de mil actuacións recollidas no Programa de Medidas, tan só catro delas poden denominarse “de educación e concienciación ambiental”, e destas catro, tan só tres están aprobadas.

Dende esta perspectiva, cabería fazer as seguintes propostas de medidas e actuacións a desenvolver pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Xunta de Galicia, as administracións locais e demais xestores implicados no ciclo integral da auga:

1. A política de tarificación debería ser transparente e de fácil compresión para que teña un efecto incentivador e os usuarios utilicen de forma eficiente os recursos, aportando información aos usuarios sobre os diferentes conceptos das tarifas do ciclo integral da auga e dos beneficios ambientais, sociais e económicos do uso eficiente e sostible do recurso.
2. Establecemento de bonificacións por motivos de eficiencia co fin de reducir o consumo de auga por partes dos usuarios (empresas, regantes, fogares) e promoción de boas prácticas para reducir a contaminación das augas por vertidos, contaminación difusa, etc.
3. Promover a concienciación social intentando influír nos comportamentos da cidadanía, as empresas e as institucións para que realicen un mellor uso da auga.

## **.- DÉCIMA**

*Apartado ao que se fai referencia: Programa de Medidas.*

Demándase o desenvolvemento de programas educativos, de carácter estable e con continuidade no tempo, sobre, entre outros contidos: o ciclo integral da auga, a xestión sostible dos ríos, prácticas respectuosas co medio ambiente nos fogares, nos centros de traballo e nas propias administracións públicas... continuando coa liña que ven promovendo dende o propio Ministerio de Medio Ambiente a través do programa “Hogares Verdes” e adaptándose ás peculiaridades do territorio galego.

Estas campañas de concienciación e sensibilización cidadá poderán instrumentarse mediante programas educativos e formativos e campañas de comunicación, convenios de colaboración entre Administracións públicas, entidades sociais ou a través de outros medios que se estimen axeitados.

## **.- UNDÉCIMA**

*Apartado ao que se fai referencia: Programa de Medidas.*

Propónse a potenciación das infraestruturas de xestión da auga coma recursos educativos. O coñecemento directo do ciclo integral da auga (sistemas de abastecemento, depuración, etc.) aumentan a sensibilización cidadá co problema e promoven comportamentos más sostibles, polo que dentro dos obxectivos de xestión destas infraestruturas así coma nos contratos de concesión que se realicen por parte das administracións públicas debería incluírse un novo obxectivo de educación ambiental, con persoal e orzamentos propios.

## **.- DUODÉCIMA**

*Apartado ao que se fai referencia: Programa de Medidas.*

Demándase a promoción dun programa estable de educación ambiental sobre os ecosistemas fluviais e no entorno dos ríos da demarcación, dirixido a promover a participación cidadá na xestión, recuperación e conservación do patrimonio natural e cultural dos ríos así como sensibilizar sobre os valores socioambientais dos sistemas fluviais.

Neste senso, propónse o aproveitamento de infraestruturas xa existentes e infrautilizadas (algunhas recentemente pechadas) coma os centros de interpretación nos espazos naturais, para a realización de programas de educación, sensibilización e voluntariado ambiental dirixidos a públicos de todas as idades.

## **.- DÉCIMO TERCEIRA**

*Apartado ao que se fai referencia: Programa de Medidas.*

Demándase unha maior transparencia por parte das Administracións Públicas sobre a xestión da auga. Neste senso, requírese:


1. Unha maior información, accesible á cidadanía, a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación, sobre os custos de xestión da auga, os traballos de mantemento e modernización e os seus custos e beneficios, consumo da comunidade,

seguimento do estado dos recursos, indicadores de calidade comprensibles para a cidadanía, etc.

2. Demándase así mesmo, unha maior transparencia por parte dos organismos de conca sobre a xestión das concas, orzamentos, investimentos, actuacións, obxectivos e resultados obtidos coas medidas executadas. Recoméndase realizar, alomenos con carácter anual, unha memoria de xestión da Confederación Hidrográfica, con carácter público e con indicadores obxectivos.

3. Desenvolvemento dun novo modelo de xestión pública da auga que incentive a responsabilidade cidadá, dende a participación pública e a transparencia, na liña no que se ven chamando “democracia 2.0”

En Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2011



Presidente

Sociedade Galega de Educación Ambiental

**SR. PRESIDENTE DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL**